

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,
DECLARA:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia teñen previsto formalizar coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as Entidades Locais de Galicia para o impulso e desenvolvemento da Administración Electrónica coa finalidade de acadar un nivel homoxéneo de prestación de servizos públicos dixitais no territorio da Comunidade autónoma de Galicia e garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos mediante a implantación de procedementos, plataformas e redes de comunicación que posibiliten a súa interacción con calquera Administración pública.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte en que lle corresponden á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conforme ao disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, lle corresponden, entre outras, as atribucións relativas á xestión do portal de Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) é unha entidade asociativa constituída polos 313 concellos galegos, as 4 deputacións provinciais e as 9 entidades locais menores existentes no ámbito territorial de Galicia. A FEGAMP goza de personalidade xurídica plena e pública para o desenrolo das funcións que lle son inherentes. Son fins da FEGAMP, entre outros, o fomento e a defensa da autonomía das Entidades Locais e promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, contempla no seu artigo 47 e seguintes, a posibilidade de celebrar convenios de colaboración con efectos xurídicos ás Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou



dependentes ou ás Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

É evidente pois, que o presente convenio ten un carácter de interese público, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada, interoperable e, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns. É de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica, a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

